

Gracias a todos e todas por axudarme esta primeira semana!

Fixésteo xenial, unidos como un verdadeiro equipo. Entre todo o cole conseguistes dar as 100 voltas, e gracias a iso apareceu o primeiro selo do pasaporte máxico! Seguíde así e lograremos romper a maldición!



Segundo misterio:

Agora teño que contarvos algo: Atopei un cofre no faiado do meu avó. E non o ides crer... Tiña parte do meu nome escrito: Iris Full. Como pode ser? Vin uns cabelos brancos saíndo da esquina do cofre e decidínme a abri-lo.



Así foi como descubríñ no seu interior:
O espírito dun náufrago!



O rapaz do cofre misterioso presentouse: Chamábase Thomas Lang e había máis de 100 anos que habitaba dentro dese cofre, atrapado no mundo dos vivos.

Contoume a súa historia: Cando era novo, embarcouse no chamado Iris Full, xunto ao seu irmán mediano. Xuntos, querían viaxar para encontrar ao seu irmán maior Tobias, do que non tiveran noticias desde facía demasiado tempo.

Durante unha forte tempestade, o barco Iris Full batera contra Punta de Boi, en Camariñas, e todos os tripulantes caeran pola borda.



Thomas contoume que fora capaz de aferrarse a un cofre, e que algo máxico, fixera que o seu espírito quedara no mundo dos humanos.

Sei que Thomas necesita a miña axuda, e tamén a vosa. Ten que descubrir o que o mantén no noso mundo e libéralo.

Por favor, recorrede a distancia de millas do Iris Full **CORRENDO** para romper a maldición!

